



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE XULLO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a , MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezanove de xullo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (31/05/2017 e 21/06/2017)

Dáse conta das actas das sesións celebradas o 31/05/2017 e 21/06/2017. Apróbase por unanimidade a acta da sesión do 31/05/2017 e queda pendente a acta da sesión do 21/06/2017.

2º.- Aprobación, se procede da Conta Xeral do exercicio 2016.

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2016, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A.- BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2016	
ACTIVO	PASIVO
14.741.360,22	14.741.360,22

Fondo de Manobra (activo corrente – pasivo corrente): - 125.882,23 €
No exercicio 2016 xerouse Patrimonio Neto por importe de: 392.658,45 €

B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS DE XESTIÓN DO ANO 2016	3.812.691,82
GASTOS DE XESTIÓN DO ANO 2016	3.731.633,58
RESULTADO TOTAL DE XESTIÓN (AFORRO)	81.058,24
RESULTADO DETERIOROS DE VALOR E OUTROS	-1.272,40



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	6.782,54
RESULTADO NETO DO EXERCICIO (AFORRO)	86.568,38

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2016	4.338.547,51
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2016	- 4.126.047,25
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	212.500,26
GASTOS FINANC. CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO NEGATIVAS	6.767,39
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	- 12.804,43
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	206.463,22

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	549.570,28
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	239.614,75

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	106.523,07
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
FORMALIZACION	0,00	69.689,95	69.689,95	0,00
CAIXA	313,39	33.637,66	33.263,56	687,49
BANCOS	11.780,53	6.099.169,59	6.037.776,98	73.173,14
TOTAL	12.093,92	6.202.497,20	6.140.730,49	73.860,63

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Capitais:

	A 01/01/2016	CREACIÓN	AMORTIZACIÓN	A 31/12/2016
CON ENT. DE CREDITO	354.221,15	86.000,00	229.652,63	210.568,52
OPER. TESOURERIA	266.663,65	400.336,35	357.190,02	309.890,98
CON AA. PUBLICAS	402.518,33	190.349,87	60.169,96	532.698,24

Xuros:

	A 01/01/2016	DEVENGADO	VENCIDO	A 31/12/2016
CON ENT. DE CREDITO	0,00	1.214,90	1.214,90	0,00
OPER. TESOURERIA	0,00	2.301,54	2.301,54	0,00
CON AA. PUBLICAS	0,00	0,00	0,00	0,00

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2016	73.860,63
+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2016 (NETOS)	672.134,45
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2016 (NETOS)	639.579,89
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	106.415,19
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	- 79.130,25
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO	- 12.804,43
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	14.480,51

- Cumprimento Regra do Gasto

Límite da Regra do gasto: 2.910.770,13 €

Gasto imputado a 2016 : 2.904.048,99 €

Diferenza: 6.721,14 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- Cumprimento Estabilidade Orzamentaria: Capacidade Financiamento: 204.491,62 €
- Cumprimento Plan Económico-financeiro: Cumprido por importe de 63.230,32 €

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmobilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non orzamentarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acredores

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, propónse:

PRIMEIRO. Informar favorablemente a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2016, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos documentos esixidos pola normativa vixente e os anexos indicados.

SEGUNDO. Que a referida Conta, así como o propio informe emitido por esta Comisión, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante devandito prazo e oito máis, a quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes, os cales, caso de presentarse, haberán de ser examinados por esta Comisión, previa práctica de cantas comprobacións estímense como necesarias, para a emisión de novo informe, que será elevado, xunto cos reparos, reclamacións ou observacións formulados, a consideración plenaria definitiva.

A Presidencia manifesta que é un documento técnico que reflicte as contas do ano 2016 e que votarán a favor.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que manterán a mesma postura ca na comisión. O seu grupo vaise abster. Di que é un documento que se expón ao público, elaborado por técnicos, pero que para facer un estudo necesitan ter a documentación. Pediuse o día 29 de maio e recibírona hoxe. Non lles parece correcto que na era das telecomunicacións teñan que vir aquí a ver algo que se lles tiña que facer chegar automaticamente.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que sexa un documento técnico non deixa de sorprendelhe a forma de pasar por encima deste asunto. É un documento técnico que dá conta da execución do orzamento que fixeron o ano pasado e vaille dar uns datos.

Esta execución está condicionada por unha situación inestable orzamentaria derivada da borracheira electoralista no gasto no ano 2015, no cal incumpriron as regras de gasto impostas pola Lei aprobada polo PP. Ese incumprimento obrigou ao concello a someterse a un plan económico-financeiro; co cal se perdeu autonomía financeira. Isto é o que condiciona toda a execución do orzamento.

Di que nese plan económico-financeiro, o grupo de goberno aprobou unha serie de medidas de recorte (financiamento para investimentos para saneamento e abastecemento) co cal houbo que renunciar a subvencións que estaban concedidas para eses fins, sendo unha das necesidades prioritarias do concello.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Sorpréndelle que non fale do superávit, que foi obrigado, que sinalaban como signo de boa xestión. Para el non é tal. É simplemente que se deixou de investir recursos por unha necesidade de tapar un buraco que estaba creado previamente. O superávit non é máis ca unha perda de oportunidades.

En canto a datos, entende que a débeda aumentou. No ano 2015 había 1.222.000 €, e agora o endebedamento ascende a 1.427.000 €, co cal resulta que a cada veciño de Vedra corresponderíalle unha débeda de case 300 €.

Hai un dato curioso, que é a execución do gasto, no cal se executou apenas a metade do gasto comprometido para ese ano.

No tema do transporte público, que algo que lle segue reclamando constantemente, consta un investimento de 3.610 €. Con eses investimentos non se poden facer milagres. Solicitou hai meses as cantidades percibidas polos concelleiros do grupo de goberno que non teñen dedicación exclusiva, porque non lle cadran coa conta.

Di que hai un feito rechamante, que é a contratación administrativa, os procedementos de adxudicación. Resulta que este goberno só adxudica por procedemento aberto aqueles contratos de obras que están subvencionados por outras administracións que obrigan a que sexa por ese procedemento. O resto fanse por procedemento negociado sen publicidade. Así foi no ano 2016, entre eles o famoso dos 7851 € por un mes e cinco días de traballo.

Votará en contra.

A Presidencia di que non fixo fincapé porque é un documento técnico onde as cifras xa se debateron noutros momentos.

É certo que o concello acabou con superávit, que é un dos parámetros que esixe a lei. Había moitos anos que non acababan cun dato económico que era fundamental para poder expandir, que é o remanente líquido de tesourería positivo.

Cre que si hai un alto grao de execución de gasto e investimento, e cre que o Sr. Castro Rocamonde cando fala de que se deixaron de executar inversións, confunde o que é traspasar inversións dun ano para outro, pola razón que sexa (retraso na adxudicación, cobro de subvención, etcétera). Pregúntalle a que inversións ou subvencións relacionadas co saneamento renunciou o concello. Pode ser que haxa subvencións e investimentos previstos no 2016, que por diversas razóns pasan a 2017, polo tanto hai ese movemento contable, non quere dicir que se renuncie ou non se faga a obra.

En canto á débeda, a Presidencia di que non subiu. O estado da débeda con entidades de crédito a 01/01/2016 era de 354.000 €. A 31/12/2016 é de 210.000 €. Polo tanto baixou. En operacións de tesourería, a principios de ano era de 266.000 € e a finais era de 309.000 €. Subiu un pouco porque iso é a póliza de crédito, que ao mellor ao mes seguinte xa estaba a cero. É un instrumento que utilizan os concellos para poder operar economicamente cos acredores.

En relación con outras administracións públicas, a 01/01/2016 era de 402.000 € e a 31/12/2016 de 532.000 €. Son os famosos plan PAE, etcétera, que non ten intereses, e como xa dixo xa se verá o que pasa con eses cartos, xa que é probable que como non poden dalos directamente esas administracións, danos desta forma, é probable que desapareza. Si é certo que hai esa devolución ao estado do ano 2009, 2010, que hai que seguir mantendo. En calquera caso, a débeda en xeral baixou.

No tema do transporte público xa lle dixo que iso é o que corresponde pagar en relación ao transporte metropolitano, que a maior parte dese gasto está subvencionado pola Xunta de Galicia. Está de acordo en que é mellorable. Este luns estivo coa concelleira de Teo para falar das liñas que afectan aos dous concellos e facer unha proposta que



beneficie aos dous cara ese novo plan de transporte que hai que presentar cara o 2019/2020.

Respecto á información sobre as cantidades percibidas polos concelleiros, dende o departamento de contabilidade dinlle que xa ten toda a información ao respecto.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregúntalle se non lle sorprende o escurantismo respecto das percepcións dos concelleiros; se é tan difícil facilitar un certificado das cantidades percibidas polos concelleiros do grupo de goberno que non teñen dedicación exclusiva. Iso debería ser público.

A Presidencia dille que quere entrar nun debate ao que este goberno non ten problema en entrar. Di que ten esa información e que é pública ademais. É público o que cobran os concelleiros polos plenos, xuntas de goberno, comisións de goberno, comisións informativas, etcétera.

O Sr. Castro Rocamonde di que o que non é público son as xornadas de traballo que fan os concelleiros do grupo de goberno.

A Presidencia respóndelle que efectivamente as xornadas de traballo non se estaban a aprobar en Xunta de Goberno, pero di que non teñen nada que ocultar. Iso non se estaba facendo ben, por iso as últimas xornadas xa se aprobaron en Xunta de Goberno, e xa son públicas, como será a partir de agora. Non é unha cuestión de ocultismo, era mera burocracia.

Posta a votación a proposta sobre Conta Xeral do exercicio 2016, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e concelleiro non adscrito.

3º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2017.

Dáse conta do proxecto de Orzamento Municipal formado polo Sr. Alcalde-Presidente para o exercicio económico 2017, que ascende, no seu Estado de Gastos á cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL (4.655.000,00) EUROS e no Estado de Ingresos á cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL (4.655.000,00) EUROS, presentando unha situación de equilibrio inicial que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria esixido polo artigo 165 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Dáse conta do expediente instruído para a aprobación, no seu caso, do citado proxecto. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinalados pola lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o R.D. 500/1990 de 20 de abril; e visto o informe favorable emitido pola Intervención, propónse:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio 2017, por unha contía que quedou fixada no seu Estado de Gastos na cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL (4.655.000,00) EUROS no Estado de Ingresos á cantidade de CATRO MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL (4.655.000,00) EUROS, asignando a cada un dos capítulos os seguintes importes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	A.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.437.750,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.823.550,00
3	Gastos financeiros	4.172,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4	Transferencias correntes	49.200,00
	A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.148.500,00
7	Transferencias de capital	0,00
	B) OPERACIÓN FINANZEIRAS	
8	Activos financeiros	15.000,00
9	Pasivos financeiros	176.828,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	4.655.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	EUROS
	A) OPERACIÓN NON FINANZEIRAS	
	A.1 OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	1.242.000,00
2	Impostos indirectos	48.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	392.000,00
4	Transferencias correntes	2.100.000,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	A.2 OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	682.000,00
	B) OPERACIÓN FINANZEIRAS	
8	Activos financeiros	15.000,00
9	Pasivos financeiros	176.000,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	4.655.000,00

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do mencionado Orzamento.

3º.- Así mesmo, aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral que figura no correspondente anexo.

4º.- Que se expoña ao público por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; e, noutro caso, que se proceda co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que, de conformidade co núm. 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Orzamento á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

A Presidencia manifesta que, efectivamente, vén tarde, motivado pola nova RPT dos traballadores.

Di que é un orzamento que se realiza de xeito prudente e realista nos ingresos e gastos, un tanto continuísta no que se manteñen os servizos, as axudas e incluso se incrementan onde se pode, onde lles permite a lei. Mantense ese esforzo importante en aspectos como cultura, deporte, educación, etcétera como a posta en marcha do servizo de madrugadores no colexio de Santa Cruz xestionado pola ANPA e cun apoio de 3.500 € por parte do concello.

En acción social (ludoteca, gardería, SAF, etcétera) pasan de 530.000 € a 740.000 €.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



É un orzamento marcado por esa RPT xa que non está pechada, aínda que si está introducida nos orzamentos a nivel económico. Obriga a un esforzo económico acordado cos sindicatos que xa está dentro dos orzamentos.

Hai algún gasto extraordinario como é o segundo pago a Viaqua polo desequilibrio financeiro que reclamaron no xulgado. A partir deste ano eses case 50.000 € xa non estarán.

A Presidencia di que apenas van pagar intereses (3.172 €), que practicamente están amortizados os préstamos bancarios, quedaban 200.00 € máis ou menos e amortizáronse este ano sobre 170.000 / 180.000 €; cumprindo a regra de estabilidade orzamentaria, o equilibrio financeiro, a regra do gasto e pretenden rematar o ano con todos eses apartados en positivo (superávit, equilibrio financeiro, estabilidade e remanente líquido de tesourería).

Seguen aforrando nalgúns capítulos de gasto como o da factura eléctrica. Non está reflectido nos orzamentos, pero estase a traballar na renovación de toda a iluminación do concello para pasar todo a LED, o cal suporía un aforro do 70%, co cal se volverían a acender farois que agora están apagadas.

No capítulo de inversións están por encima de un millón de euros. É certo que non están no punto que lles gustaría. Está presupostado de inversións un 25% dos orzamentos. O obxectivo é chegar a un terzo dos mesmos. Hai un esforzo importante en obras, pistas, colexios, centro de coworking no que teñen moita ilusión posta.

Moitas das inversións están vinculadas a programas xa feitos e outras xa foron executadas. Queda algunha obra que non aparece reflectida nos orzamentos, como a rede de sumidoiros en Vedra. Non está paralizada e intentarán sacar a licitación este ano, pero a execución é imposible que se faga neste ano 2017, co que non ten sentido metela neste ano.

A Presidencia pide o voto a favor, ou cando menos a abstención dos demais grupos.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo vai votar en contra por varias razóns.

En primeiro lugar por presentalos no mes de xullo, cando o tiña que ter feito en decembro porque é o que lle obriga a lei. Preséntaos cando xa ten datos de subvencións que vai recibir o concello doutras administracións.

Di que van investir máis de un millón de euros. Case a metade son as subvencións que recibe da Deputación de A Coruña.

No tema de investimentos di que en fomento do emprego auméntase en persoal laboral de 61.800 € a 148.000 €, polo obradoiro de emprego que está traballando en Santa Cruz; en inversión en instalacións para o coworking, que se vai instalar en Santa Cruz.

Cre que todas as parroquias necesitan investimentos e a proporción é desproporcionada.

A subida de 700.000 € que veñen no orzamento son gastos e ingresos de subvencións recibidas da Deputación de A Coruña gobernada polo PSdG-PSOE e BNG-AA. Parte delas xa están executadas polo que non era moi difícil elaborar o orzamento.

No seu día dixo que se retrasaban os orzamentos porque non estaba o Orzamento Xeral do Estado e que dependía diso. Agora di que é pola RPT. Cre que cadraron os números como mellor lles conviña.

Foi dicindo nas reunións mantidas polas parroquias que para o ano farían isto, o outro, etcétera. Todo o deixan para mañá e o concello segue esperando por investimentos un ano tras outro. No seu día xa lle dixo que se o concello necesita pedir un préstamo que pode contar con eles, e seguen esperando.

No apartado de gastos, sinala que en promoción do deporte pasamos de 25.000 € a 50.000 €. Pregunta a que vén ese incremento.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



En sociedade da información prodúcese un incremento de máis do 50 % respecto a hai dous anos. Contestou no seu momento que era debido a que o boletín leva máis follas agora e hai un convenio co xornal El Correo Gallego, (co cal como lle dixo o Sr. Pose Rodríguez non debe contratar por ter débedas coas administracións), cadea COPE etcétera. Pregunta se van comezar a facer publicidade cara o ano 2019.

No estado de ingresos volven falar do IBI. Respecto ao do ano pasado hai unha baixada. A regularización e os atrasos que se tiñan que cobrar xa están cobrados, pero respecto do ano 2015 de 426.000 € pasan a 576.000 €, que van seguir cobrando cada ano e esperan que sexan para investimentos.

Con este orzamento e a estas alturas do ano e sen apenas modificacións, o voto do seu grupo vai ser en contra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, está de acordo en que é un orzamento continuísta e non entende porque non rematou o ano con orzamento prorrogado.

Di que desaproveita a oportunidade de resolver os graves problemas do concello porque segue escapando do principal problema do concello, ata o mes de decembro, que é a perda de poboación.

O concello precisa un orzamento estable para poñer en práctica medidas para asentar a poboación, que a xente nova non teña que ir vivir a outro lado porque aquí non teña as posibilidades de comunicación que ten noutros concellos do lado, porque non teñen acceso á vivenda xa que son incapaces de arrancar unha modificación do PXOM; polos servizos de conciliación que herdaron, porque non crearon nin melloraron ningún.

A xente marcha pola falta de oportunidades de traballo no rural porque non facilitan nin crean medidas.

O que precisa é un orzamento de cambio. En investimentos ata se contradíñ. Se olla o boletín informativo do PP de maio de 2015, mes no que chegaron a este goberno, bota en falta investimento para o centro de día; para a posta en uso do campo de fútbol de Vedra; no proxecto para dotar de suficiencia enerxética á Casa de Cultura de Santa Cruz; para urbanizar a contorna do colexio e pavillón; para o acondicionamento da leira de Marcelino en San Miguel de Sarandón; para un parque de xogos e recreo a cuberto; para a atención á dependencia; para o transporte público.

Fai falta un orzamento de cambio e políticas para asentar a poboación. Xa sabe cales van ser as súas accións a este respecto cara o mes de decembro: enviar traballadores do concello polas casas adiante a xeito de axentes comerciais, negociar farois a cambio de empadroamentos, como xa se expuxo neste pleno.

Por outro lado, si contemplan no orzamento grandes ideas como gastar 100.000 € en acondicionar un vagón prestado, cando hai no concello locais públicos en desuso e desaproveitados por falta de acondicionamento e mantemento.

Di que si é continuísta na suba do IBI, que vai subir uns 150.000 € no conxunto do concello, co que sairá en 150 € máis por casa.

Na súa propaganda electoral falaba, en temas de educación, que no seu debe está o non ter creado as axudas de estudo para mozos/as de Vedra e que ía ser unha prioridade na súa lexislatura. Leva dous anos e nese apartado para bolsas e subvencións poñen 1500 €, e para subvención para actividades.

O seu voto vai ser en contra.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA bota en falta os ingresos da Asociación de Empresarios de Vedra e do banco do polígono industrial en contraprestación ao desenvolvemento do sistema do polígono polo procedemento de colaboración. Tamén



bota en falta un orzamento para a previsión da comarcalización dos bombeiros no ano 2017.

Por outro lado atopa unha curiosidade como a diminución do que se paga a Sogama de 40.000 €. O tesoureiro do concello di que é porque xa non recollen as plumas dunha empresa de polos do concello, a cal abonaba o Concello. Cando consulta cal é o ingreso que viña facendo esa empresa por este valor, resulta que era entre 15.000 e 18.000 €. Hai un déficit de tarifa de 20.000 € e no que vai na súa lexislatura o déficit desta empresa é de 120.000 € e deixan de facerlle a recollida das plumas porque resulta que lles financian con cartos públicos unha depuradora.

Di que gastan entre 100.000 € e 110.000 € no coworking, cando en orixe era un mecanismo “low cost”. Pagan 3.500 € a El Correo Galego, 4.000 € a COPE facendo caso omiso ás súas advertencias. Aumentan 200.000 € en asfaltado porque se achegan as eleccións; pagan 30.000 € a Roibás sobre o que botaban pestes cando non gobernaban.

Di que teñen un incremento orzamentario de 700.000 € e non planificaron nada sobre o centro de día, a modificación do PXOM, urbanismo e transporte que son piares fundamentais.

Di que o seu voto vai ser en contra.

A Presidencia respóndelle ao PSdG-PSOE que é certo que traer os orzamentos en xullo é unha anomalía motivada pola importancia de coñecer os orzamentos do Estado por se había algún cambio en canto a limitacións así como o tema da RPT, e non podían retrasar máis a súa aprobación.

Aproveita para contestarlle ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, e di que non é que aumenten os orzamentos porque aumente a Deputación 500.000 €. Cando se fan os orzamentos en decembro/xaneiro, son uns presupostos. Presupoñen que van ter uns ingresos e uns gastos. Están feitos en base á execución orzamentaria do ano pasado onde hai uns ingresos e uns gastos e por iso están bastante axustados á realidade. O ano pasado presupostouse uns 3.800.000 – 3.900.000 € de ingresos e de gastos e despois estivemos preto de 4.500.000 € na execución orzamentaria. O que lles mandan desde as distintas administracións soe ser parecido.

Cre que non hai desproporción en canto aos investimentos atendendo á territorialidade do concello. Di que eles fan números deste ano, pero considera que hai que facelos dos seis anos que levan gobernando e ao mellor atópanse sorpresas.

En canto aos gastos en deporte cre que non estaban ben presupostados o ano anterior e axustáronse bastante ben os gastos imputados a esa partida.

No referente á sociedade da información cre que non é moi grande a partida. Os convenios son con El Correo Gallego, COPE, SER, Lindeiros e venceu o de La Voz de Galicia, que queren manter. Respecto a El Correo Gallego, a raíz da pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, pediron a documentación e ven que non teñen impedimento ningún para contratar e sorpréndelle que o concello de Santiago séguelles contratando.

No tema dos ingresos do IBI volven estar nunha previsión. Non cre que a subida do IBI supuxese un incremento de 150.000 €, basicamente porque están presupostados tamén parte dos atrasos que non se cobran nun ano. Hai atrasos que están fraccionados, aprazados, etcétera e tamén está incluída esa subida do 10% ata o 2019 dende os novos valores establecidos no ano 2010.

En canto ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que cre que a propaganda é súa. Fala sempre do mesmo: perda poboación, PXOM, etcétera, pero



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



cando o convocaron a unha mesa de traballo polo tema da poboación, critica pero non quere participar; pediulle ideas e di que se remite ao programa electoral.

A perda de poboación é un tema xeneralizado, transversal. Cre que íse están tomando medidas para non seguir perdendo poboación. É un tema máis complicado ca o feito de tomar “x” medidas, é un debate para outro momento e outro sitio.

Do tema do PXOM xa se falou. Di que mañá teñen unha entrevista co Subdirector polo tema dos núcleos rurais. Está en marcha, máis lento do que lles gustaría, pero quere dar os pasos correctos e ben.

No tema da conciliación di que é certo que o goberno anterior introduciu temas en relación aos servizos sociais e son herdados, pero cre, por exemplo, que a programación de verán que ten este concello hai poucos que a teñan, así como o incremento do número de horas para asistencia a domicilio, etcétera.

Respecto do centro de día e do campo de fútbol de Vedra di que andarán e verán o que acontece. No referente á leira de Marcelino di que teñen que programar o que van facer e dálle a razón no tema das bolsas para estudantes.

En canto ao transporte público di que mentres non decaian as concesión de liña non se pode alterar nada diso. Pregúntalle se cre que o Concello ten a capacidade de poñer un “Teobus” que vai causar unhas perdas anuais de 100.000 € e que tampouco está dando o resultado que se esperaba.

Xa sabe que hai moitas necesidades, pero todo custa cartos e hai que ir cubrindo prioridades. Sabe que o seu labor é dicir que falta isto, aquilo, etcétera, pero pídelle que acompañe unha memoria económica ao lado e diga de onde vai sacar os cartos.

En relación ás cuestións formuladas polo Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA cre que preguntaba polo BBVA, e parece ser que legalmente no momento en que se ingresen eses cartos é cando hai que computar o ingreso. Espera ter eses 80.000 € este ano.

Aspiran a ter un servizo no tema do parque de bombeiros no que non teñan que poñer cartos porque o ten que cubrir o consorcio de bombeiros que é unha entidade entre Deputación de A Coruña e Xunta de Galicia.

Referente ao tema de Polos Rivadulla contesta que terá que preguntar, pero que dubida que sexa así.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que segundo os datos que pasa sobre investimentos para o 2017 o 30% vai para Santa Cruz de Ribadulla e o concello son trece parroquias.

Respecto do transporte público afirma que esa perda de 100.000 € da que fala non a ve a Presidencia como unha inversión, que é o que é. Trátase de facer máis atractivo o concello e pode traer moitos beneficios, polo que lle falta perspectiva.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que lle está pedindo que lle concrete as propostas e que lle faga unha memoria económica das mesmas. Pregunta se lle está lanzando unha oferta de asesor da alcaldía.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA tamén se ofrece para ser asesor da alcaldía. Sobre a empresa de polos non deu ningún nome. Pídelle que fale co tesoureiro e que llo aclare. Non di que sexa unha actividade delituosa, é unha curiosidade que descubriu lendo estes documentos e que incide na confusión permanente entre o público e o privado dos últimos anos. Está expectante polo que dixo sobre o tema do centro de día.

A Presidencia respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez que esperan seguir gobernando uns cantos anos máis e non os precisa como asesores, pero di que a oposición tamén ten un labor de proposición. Cando estaban na oposición propoñían e mesmo cre que se abstiveron na votación dalgún orzamento.

Respecto do tema de Rivadulla contesta que quere velo por curiosidade.



Ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, contéstalle que non necesita asesores, pero que faga algunha proposta.

A dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, respecto do “Teobus” dille que cre que a proposta construtiva ten que saír de aquí e pídelle que participen. Comezaron o luns a falar con Teo xa que coinciden tramos e rutas, para mellorar, crear ou propoñer algo que sexa atractivo, sostible, realista e que o día de mañá poida entrar no transporte metropolitano. Probablemente acaben non pagando moito, porque se entra no transporte metropolitano a maior parte da inversión será por parte da Xunta de Galicia. Teñen unha oportunidade histórica e fai un chamamento hoxe e aquí para que se sumen e entre todos fagan unha boa proposta, razoable e sostible por encima das cores políticas.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que lle prometeu a el e aos veciños que se presentaba a dúas lexislaturas. Espera que cando gañen as eleccións sexa alcalde o Sr. Vázquez Martínez ou o Sr. Costa Carneiro.

A Presidencia replica que está convencido de que non dixo iso publicamente. O que si dixo publicamente é que entendía que dúas lexislaturas era o mínimo e tres o máximo, e así está escrito e publicado.

Posta a votación a proposta de orzamento para o exercicio 2017, apróbase con sete votos a favor do PP e seis votos en contra do PSdG-PSOE, BNG-AA e concelleiro non adscrito.

4º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual SUND-4. Parque empresarial de Vedra.

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 21 de marzo de 2016, manifestouse a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de xaneiro de 2007/8 DOG núm. 30/07, do 12 de febreiro) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG núm. 99/07, do 24 de maio), do ámbito de solo denominado SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, situado neste termo municipal, nos termos do proxecto redactado para os efectos polo arquitecto don Fermín González Blanco.

Considerando que a modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou a través da Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 10 de outubro de 2016, pola que se formula o informe ambiental estratéxico da mencionada modificación puntual e que foi publicado no DOG núm. 209/16, do 3 de novembro.

Logo de requiridos os informes sectoriais pertinentes e realizada a tramitación legalmente establecida, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Pleno da Corporación en sesión de data 28 de novembro de 2016 acordou a aprobación inicial da mencionada modificación puntual.

Logo de que no Diario Oficial de Galicia número 11, de data 17 de xaneiro de 2017 e no xornal La Voz de Galicia, de data 24 de decembro de 2016, se publicase o anuncio polo que se expoñía ao público, durante o prazo de dous meses, o proxecto de MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM do concello de Vedra denominada CONDICIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO SUND-4 (PARQUE EMPRESARIAL), para os efectos de que puidera ser examinada polos interesados e se



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



puideran presentar as alegacións que se estimaran convenientes. Simultaneamente trasladouse a documentación ao órgano autonómico competente para as actuacións previstas no artigo 60.7 da mencionada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e ao mesmo tempo o concello solicitou os informes sectoriais preceptivos.

Logo de que durante o prazo de exposición ao público, do 18 de xaneiro ao 20 de marzo de 2017, achegáronse as seguintes alegacións: -RXE número 311 de data 20 de marzo de 2017, presentada por José A. Posse Rodríguez en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG-AA.

Logo de que se recibisen os seguintes informes:

-RXE número 37 de data 13 de xaneiro de 2017, remitido por ADIF.

-RXE número 76 de data 23 de xaneiro de 2017, remitido pola Subdirección Xeral de Redes e Operadores de Telecomunicacións do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital.

-RXE número 189 de data 17 de febreiro de 2017, remitido polo Servizo de Asistencia Técnica da Deputación Provincial de A Coruña.

-RXE número 467 de data 20 de abril de 2017, remitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento.

-RXE número 875 de data 13 de xuño de 2017, remitido polo Servizo de Urbanismo de A Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, achegando o resultado do trámite do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e xuntando os informes de:

-Informe da Subdirección Xeral de Planificación de Protección Civil do 2/2/2017.

-Informe da Axencia Galega de Infraestruturas do 22/2/2017.

-Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 11/4/2017.

-Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 7/3/2017.

-Informe da Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 20/3/2017.

Logo de emitida certificación polo Secretario Municipal e informe técnico, que figuran no expediente en trámite.

Á vista do disposto nos artigos 60 e seguintes, e 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e demais lexislación a aplicación, proponse:

PRIMEIRO. Desestimar a alegación achegada por José A. Pose Rodríguez en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG-AA en relación co expediente de aprobación da modificación puntual obxecto do expediente e polos motivos expresados no informe técnico de data do 26 de xuño de 2017, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do acordo.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente o proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do ámbito de solo denominado SUN-4. **PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA** nos termos do expediente tramitado e do proxecto redactado para tal efecto polo Arquitecto Fermín González Blanco .

TERCEIRO. Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da mencionada modificación puntual do PXOM, xunto cos proxectos, á consellería competente en materia de



urbanismo e ordenación do territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

A Presidencia di que é preciso recordar certas cuestións. O PXOM foi realizado no ano 2007 logo dunha aprobación provisional no 2005, co cal xa viña sendo realizado neses primeiros anos do 2000 e finais dos 90 en pleno boom inmobiliario. Iso estoupou e os parámetros da construción non son os mesmos hoxe que daquela.

Saben cal é a situación do solo industrial en Galicia e sae información a esgalla todos os días nos medios de comunicación. Pon como exemplo unha publicación do Faro de Vigo que di: “La Xunta pone a la venta 150.000 m² de terreno industrial a mitad de precio”. Pono a 30 € m² xa urbanizado. Aínda que fose o dobre, fálase de 50/60 € / m². Se urbanizar un solo custa 80/90/100 €/m² non se vai desenvolver nunca porque ata o propietario do solo que queira montar unha empresa lle sae máis barato mercar noutro sitio.

A pregunta é se Vedra precisa un solo industrial. Cre que si, que se necesita para o futuro e para o presente para que non se deslocalicen as empresas e para que os novos empresarios teñan onde instalarse.

Nos últimos meses houbo dúas chamadas de dúas empresas, unha foránea e outra unha gran empresa galega internacional, que estaba buscando solo nesta zona e o único requisito era que necesitaban facer a nave de aquí a un ano. Evidentemente a un ano era imposible.

A Presidencia cre que os 500.000 m² son demasiados, e ese é un dos motivos da modificación, que a Xunta de Galicia permitira non tirar o traballo todo feito ata o de agora e permita ir facendo por fases, unha primeira fase duns 150.000 m².

Pretenden que dentro do marco que nos permita a lei favorecer que se desenvolva unha parte dese polígono e que se instalen empresas, xa que suporía creación de emprego, fixación de poboación e xeración de recursos e outro tipo de sinerxías.

Se as cargas para desenvolvelo non se poden asumir, por certo, a infraestrutura da auga é válida e está feita, e se mantén a teima de desenvolver os 500.000 m² de golpe, entón nunca haberá polígono.

Se non hai polígono pregunta quen fai a rede de sumidoiros imputado ao polígono, quen o paga, a quen se lle cobra. Esa é a realidade da xestión. Se se manteñen esas cargas non haberá polígono nin depuradora e se a hai será pagada por todos.

A modificación non supón en ningún caso que os polígonos a desenvolver queden exentos de executar os seus sistemas de depuración e os diferentes proxectos de desenvolvemento dos polígonos deberán someterse aos preceptivos informes tanto de augas, medio ambiente, ordenación e territorio; pero farano en proporción ás necesidades reais. A Presidencia pide o voto favorable para esta modificación.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que por unha vez están case de acordo. O seu grupo votará a favor sempre e cando estea dentro da legalidade e as distintas administracións dean o seu voto favorable; tendo en conta que foi un proxecto que se levou a cabo cando gobernaba o PSdG-PSOE.

A aprobación provisional non deixa de ser un mero trámite pero están de acordo. Cre que é un proxecto que vai traer postos de traballo, tecido industrial e poboación, e sinala que o seu grupo non quere que lle custe 1 € máis aos veciños nin que se lle dea 1 € máis ás empresas.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA enumera as aldeas de Pousada de Arriba, Pousada de Abaixo, Marzán de Arriba, Marzán de Abaixo, Fornelos, Fontao, A Boca, O burgo, Manteles de Arriba, Manteles de Abaixo, Trobe, Santo André, Gatente, Buxeiros de



Abaixo, Buxeiros de Arriba, Cobelas, San Pedro, preto de mil habitantes, e pensan detraer a depuradora que ía depurar a auga deses mil habitantes e non poñen nada no seu lugar.

Pregunta quen vai pagar iso, se nin sequera esta considerado no novo PXOM, e nesa modificación non se recolle quen o vai pagar. A alegación que el facía era que recollera o incremento de cartos porque habería que construír esa depuradora.

Di que lle saquen a depuradora aos veciños pero que lles digan que se vai pagar entre todos. Haberá que incrementar o orzamento do PXOM para construír esa depuradora nalgún momento, e agora mesmo non hai posibilidade porque non está recollida no PXOM, que a inclúan nalgún apartado.

Pregunta como se fixeron o resto das depuradoras dos polígonos industriais do mundo enteiro, e se cre que os concellos de toda Galicia pagaron as depuradoras dos polígonos industriais.

Manifesta que hai unha constante confusión do público e do privado, xa que contratan unha empresa, que é o arquitecto municipal, ao cal xa lle pagan, para facer a modificación parcial do SUND. Para facer esa modificación parcial tiñan que pagar os empresarios cos pagos periódicos cos que están comprometidos, non só os 80.000 € do banco e empresarios.

Di que presentou unha alegación de acordo a catro puntos: medio ambiente, interese público, incremento do orzamento do PXOM e unha posible nulidade do propio PXOM. Respecto ao medio ambiente, o propio Fermín recolle na documentación de avaliación ambiental que se vai saturar a conca.

Respecto ao interese público é deixar a mil habitantes sen depuradora. Non sabe onde está o interese público.

En canto ao incremento orzamentario do PXOM non entende porque se negan a facelo. No que se refire á posible nulidade, contesta o propio autor da modificación á alegación presentada en contra.

A contestación que dan é que en época de crise adáptase o orzamento e detraen 2.500.000 € aos empresarios, que é para pagar o polígono industrial e deciden que se pague entre todos.

Esta é unha aprobación inicial que vai á consellería que revisará todos os informes incluíndo as alegacións. De aceptala, publicarase no DOG e despois no BOP e haberá quince días para presentar unha reclamación. Polo que solicita á Presidencia e ao Sr. Secretario que o Pleno sexa informado destas publicacións para presentar as correspondentes reclamacións quen o considere adecuado.

Non dubida que veñan empresas de fóra para construír e está seguro que a esa empresa multinacional que quería construír non lle importaba pagar a parte proporcional da depuradora e das augas que lle tocaba.

Parécelle aberrante aceptar que para que haxa catro familias e un banco que poidan especular cos cartos do terreo industrial, teñan que aceptar que esa depuradora teña que correr a cargo dos veciños. Ademais pensa que é ilegal decidir que queda un PXOM sen que mil veciños teñan recollido legalmente onde vai estar a súa depuradora ou o sistema que se elixa.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que vai corrixir dúas expresións que pronunciou na comisión de urbanismo. Cando dixo “que non sei como lle podían mirar á cara aos veciños” vai dicir “non sei como poden durmir tranquilos”. Cando dixo “o que non sei canto de ben pagados que son”, vai dicir “que as dependencias que teñen son nocivas para os veciños”.



Di que se lles doen as expresión das dependencias, publiquen os donativos que recibiron na última campaña electoral, xa que demostraron en ocasión que teñen experiencia coas caixas B.

Di que o seu voto vai ser en contra, porque a parte da cuestión técnica, que xa se verá o que di a consellería e máis da reclamación que presentará no seu momento, non recibe nin un euro dos veciños, empresarios e partido; polo que votan en conciencia non a esta modificación do SUND.

Por último manifesta que para o grupo de goberno hai empresarios de primeira e de segunda, xa que hai outro SUND en Vedra e a ese non lle sacan a depuradora.

A Presidencia agrádecelle ao PSdG-PSOE o seu apoio e voto a favor.

En canto aos argumentos do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que non teñen dependencia de ninguén. Aínda que suavice as súas palabras, no mes de maio sacaron un “Voceiro” falando deste tema, onde as súas palabras non eran tan suaves (debedores de empresarios e especuladores, favorecer ao BBVA, pagar favores a empresarios e especuladores). Nin están vendidos nin dependen de ninguén e non vai permitir que siga insultando, difamando e deixando caer cousas que non son certas, que son rotundamente falsas e das cales non aporta datos nin probas. Pídelle que retire ditas afirmacións e que pida desculpas.

Admite as discrepancias e as diferentes visións, pero son xente que o fará mellor ou peor e poderán estar máis ou menos acertados pero sempre traballarán da forma máis honesta e honrada pensando no mellor para a veciñanza de Vedra.

No presente caso nunca pensaron en quen son os propietarios dos terreos, e no que se refire ao outro SUND, nas modificación do PXOM haberá que estudar o caso.

O que queren é ter a posibilidade real de que se desenvolva un polígono industrial en Vedra e de momento os informes que veñen son favorables.

Non é certo que deixen a máis de mil veciños sen depuración, porque parte dos veciños dos que vostede fala quérenos depurar coa depuradora de Bazar.

Sabe que os PXOMS son documentos vivos e como tales modifícanse e adaptacióne e poden cambiar os sistemas de depuración que están reclamando. Ninguén vai deixar aos veciños sen depuración.

Existe un convenio no sistema de cooperación do polígono e os propietarios seguirán pagando as cotas que lle correspondan conforme as fases vaian avanzando. O debedor agora mesmo é o BBVA que é o que se está executando.

Failla unha pregunta e espera a resposta. Se non se desenvolve o polígono, porque de feito o BBVA está desfacéndose das leiras, mesmo por debaixo do prezo de compra; na súa proposta, quen fai a depuradora?

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que a fan os empresarios como sempre foi e como ten que ser. O propio PXOM advirte que cando se fan sectores, están obrigados as dúas partes a correr coas partes proporcionais das cargas que traia cada unha delas. Fan unha modificación do PXOM e permiten quedar eses artigos indemnes, cando na propia modificación detraen esas cargas. No mesmo documento legal teñen que en caso de que se segregue unha parte doutra, cada un corre coa parte proporcional desas cargas. Deixen rexistrado no PXOM como van depurar, e a depuradora de Bazar tiñan que pagala os empresarios, e non entende como a ten que pagar a veciñanza.

A Presidencia contesta que se os custes de urbanización (acometidas eléctricas, rúas, movemento de terras, etcétera) custa por encima do que se vende o m² xa urbanizado noutro lugar, pasan dez, quince, vinte anos e ninguén o desenvolve, a xente de San Pedro de Sarandón está condenada a non ter depuración?



O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o polígono non é de propiedade municipal nin dos veciños. Ten uns propietarios, que fixeron unha aposta e probablemente a perdan. A non ser propiedade pública non poden permitir detraer 2.500.000 € da maior depuradora do concello para que a paguen os veciños. Esa depuradora págana os propietarios, porque é unha propiedade privada e están obrigados por lei a construír a súa depuradora.

A Presidencia volve preguntarlle se nunca se desenvolve o polígono, sexa quen sexa o propietario, quen vai facer a depuradora.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA contesta que se nunca se desenvolve o polígono terían que ver quen a fai. O que non pode pasar é que para desenvolver o polígono detraian unha depuradora. Tiñan cinco depuradoras no seu PXOM. Sacan unha e non a poñen. É o alcalde deste concello, e o PXOM é unha lei municipal á que ten que responder como alcalde. Saca unha depuradora e non deixa recollido que a ten que pagar a veciñanza. O que lles dixo na alegación é que teñen que recoller no PXOM que van facer esa depuradora e que modifiquen o orzamento do mesmo. Deixan sen depuración tecnicamente a mil veciños e a de Bazar xa a tiñan que ter pagada eles.

Se non hai desenvolvemento do polígono terían que pagala os veciños, pero non é o caso.

A Presidencia dálle as grazas por dicir que se non se desenvolve o polígono a terían que pagar entre todos, e que ese é o problema.

Posta a votación a citada proposta de aprobación provisional da modificación puntual SUND-4. Parque Empresarial de Vedra, apróbase con once votos a favor de PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra de BNG-AA e concelleiro non adscrito.

5º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 2º trimestre de 2017.

Dáse conta do Período Medio de Pago do 2º trimestre de 2017 do concello de Vedra que é de 10,36 días.

O Pleno dáse por informado.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

A Presidencia di que quedaba un dato por facilitar sobre o mantemento dos campos de fútbol. Di que van tres veces ao ano e ten un custe de 6534 €/ano.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

Ao rogo de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre as bases de selección de persoal, di que xa está falado.

1º.- Á pregunta sobre con quen ten o concello asinados convenios de colaboración e en que consisten a Presidencia entendía que eran con entidades do concello sen ánimo de lucro, e son o Club Olímpico de Vedra, coas dúas escolas de música municipais e coa Asociación Senunpeso polo LAV. Logo hai unha cuestión relacionada coas comisións de festa do concello e Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, que non é un convenio, que consiste na axuda de mil euros ás comisións de festas que contratan dita banda.

2º.- Ás preguntas tres e catro do pleno de maio, xa as contestou.

3º.- Á pregunta sobre Cal é o motivo de que non se lle enviase invitación aos membros do seu grupo para asistir á Romaría da Terceira Idade, a que sempre asistiu algún membro, di que é unha romaría que estaba anunciada e onde pagamos todos, e é certo que sempre se enviaba un recordatorio, e este ano pasouse porque a persoa encargada diso estaba de baixa laboral. Pide desculpas polo despiste.

4º.- Á pregunta sobre as dificultades técnicas cos equipos informáticos para dar os servizos que queren dar, e se o concello vai destinar no orzamento municipal algo, a Presidencia contesta que xa se están facendo melloras.



5º.- Á pregunta sobre a limpeza das cunetas e lugares públicos posto que supón un perigo grave pola falta de visibilidade, a Presidencia contesta que se fixo un esforzo importante e que agora mesmo xa se está coa segunda volta polas parroquias.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre que proxecto teñen para o pavillón e a casa da terceira idade, a Presidencia contesta que hai un proxecto global para facer un espazo único e interxeneracional para traballar en conxunto comunidade educativa, concello, etcétera.

2º.- Á pregunta sobre poñer as luces na casa da terceira idade, di que pensa que están postas, pero non o sabe con certeza.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á solicitude da anulación do contrato asinado o 22/03/2017 cuxo concepto di” para a cobertura temporal de determinados servizos municipais afectados por baixas por incapacidade laboral dos traballadores, de luns a venres, durante 4 horas/día”, di que non procede e non se admite.

2º.- Á pregunta sobre non haber servizo de conserxería no CEIP Ortigueira os días 29 e 30, a Presidencia di que a persoa que facía ese servizo solicitou a baixa dun día para outro e foi o tempo que a empresa tardou en repoñer o servizo.

3º.- Á pregunta sobre a retirada de carteis da ruta do viño, di que é unha actuación allea ao concello.

4º.- Á pregunta sobre o roce nos arredores do centro social por veciños de Vedra, di que hai un regulamento de réxime interno e hai uns representantes deses maiores que colaboran na programación das actividades que alí se fan. O Concello non lles solicitou nada aos maiores, nin eles lles pediron nada. Foi unha iniciativa propia dalgún membro dese colectivo.

5º.- Á pregunta sobre a concellería de protocolo, di que dende principios de ano non existe logo da remodelación das concellarías. As funcións que exercía era coordinar actos institucionais, homenaxes, eventos, exposicións, etcétera, ao igual que alí onde eran invitados a este tipo de actos. Non hai memoria nin ten dotación orzamentaria. Era máis que nada que un concelleiro se encargara de coordinar e ser o responsable destes asuntos.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre o parque de bombeiros do Consorcio di que caótico é que na súa lexislatura houbo tres incendios en vivendas e non viñeran os bombeiros de Santiago e neses casos grazas ás rápidas actuacións de veciños, BULL do concello, dotacións de Boqueixón e posteriormente de A Estrada e Ordes se puideron solucionar.

Hai un problema que é que Vedra está en zona escura porque non serve nin o servizo de Ordes nin o de A Estrada. Polo concello de Santiago pasaron gobernos do PP, PSdG-PSOE e BNG ou En Marea e segue sen solucionarse o tema. A proposta pode ser marabillosa pero a pregunta é de onde saen os cartos.

Algo pasará cando seis concellos; dous do PP, dous do PSdG-PSOE e dous do BNG-AA, un deles Teo, onde foi alcalde Martiño Noriega e agora é alcalde o que foi tenente de alcalde con el, se unan e reclamen que o Consorcio solucione o problema xa. Queren que nos atendan, pero ten que ser sostible. Cónstalle que seguen en negociacións e agora mesmo parécelle prudente non falar moito máis deste tema.

2º.- Á pregunta sobre o cruceiro de Lombaos a Presidencia di que ninguén fixo nada raro con ese cruceiro. É un cruceiro catalogado no PXOM como cruceiro de Outeiro, Ficha B, con fuste hexagonal, base sinxela, cruz sen imaxe onde figura titularidade suposta pública / institucional-igreja.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Foi investigando e preguntando, mesmo ao goberno anterior, e calcula que hai máis de quince anos que dito cruceiro non está en Lombaos e é a primeira vez que preguntan por el. Parece ser que cando estaban abrindo as pistas de concentración parcelaria apareceu no chan dun día para outro. Os veciños avisaron ao concello e este retirou para unha nave municipal. A pesar de que se cre que foron as máquinas de concentración, polas dúbidas presentouse a correspondente denuncia na Garda Civil. Pasado o tempo, despois gárdase polos veciños de Santa Cruz nun canteiro porque parece ser que se tiña que reparar xa que o único que se conserva orixinal é unha peza da base pequena e o fuste.

No 2017, os veciños de Santa Cruz consideraron que era mellor sitio para repoñer ese cruceiro na entrada do cemiterio da parroquia. A Presidencia intúe que o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA xa sabe que está alí.

A raíz da denuncia presentada polo Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia contacta con Patrimonio Cultural para comentar o tema e que lle informen como debe actuar. Dinlle que cando os veciños queren, pola razón que sexa, trasladar un cruceiro é posible. Debe facerse unha solicitude en Patrimonio. Nesta situación din que o que correspondería era que o concello iniciase un expediente de reposición da legalidade. Se a vontade dos veciños é trasladar a situación do cruceiro a unha nova, como parece ser, o concello debe pedir autorización á Dirección Xeral de Patrimonio para legalizar as actuacións realizadas polos veciños, que despois poden autorizar ou non.

Dito procedemento é distinto segundo a titularidade do cruceiro, e o PXOM non o deixa claro. Di que indagarán a titularidade e logo iniciarán o correspondente expediente de reposición da legalidade.

3º.- Á pregunta se no aparcadoiro de Ponte Ulla hai unha praza para caravanas di que aínda non. Que só quedou unha toma de auga e que van facer máis cousas.

4º.- Á pregunta sobre proxecto de suficiencia enerxética para o local de Santa Cruz de Ribadulla previsto para o ano 2017 di que non sabe se fai referencia á caldeira de biomasa. Di que o mirará e contestaralle.

5º.- Á pregunta sobre da legalidade do contrato con El Correo Gallego di que lle pediron á empresa que nos xustificase a documentación que lles permitira a contratación. A empresa achegouna e entenden que é legal. Sorpréndelle que o concello de Santiago siga contratando publicidade con esa empresa; supón que é porque é legal.

--As preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE no pleno do mes de xuño, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre o plan PEL para Pymes da Deputación de A Coruña di que se fixo un bando que se puxo nos taboleiros do concello e que a propia Deputación enviou uns folletos que se distribuíron. Ademais, recorda que houbo por parte da Deputación de A Coruña unha campaña na prensa. Tamén é certo que non saíu publicado na web por un despiste.

2º.- Á pregunta sobre un pago de 5266 € a Fernández Contreras Granitos S.A. por baldosa gris parda e lastra silvestre para beirarrúas municipais di que foi para o camiño de Pousada.

--As preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contéstalle:

1º.- Á pregunta sobre o traballo de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra, a Presidencia cédelle a palabra ao concelleiro Sr. Vázquez Martínez do PP, que di:

Que cando fala de que o nomeamento xa estaba na documentación de solicitude da subvención, ese documento era un borrador e non forma parte do expediente que se



enviou á Xunta de Galicia. Di que aparece no borrador porque nun primeiro momento da convocatoria parecía deducirse que había que sinalar a dispoñibilidade dunha persoa experta. Fixeron as consultas pertinentes e viuse que non era así. Era un traballo que se concedían a subvención executábase e se non a concedían non se executaba.

Concederon a subvención cun prazo moi curto para realizar o traballo e para poder xustificar, de aí o procedemento de urxencia que se tivo que levar a cabo. En calquera caso, en relación a este asunto entende que non existen irregularidades de ningún tipo e que foi realizado por unha persoa capacitada, competente e con experiencia.

Di que o que se paga é o traballo, o traballo contratado como resultado, igual que cando se contrata unha auditoría ou un proxecto técnico.

Este traballo foi subvencionado, constando na subvención o traballo final a realizar, que é o que está feito, máis o custe do mesmo.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o concello recibiu o traballo a través do departamento de cultura, compróbase que a documentación está completa e remítese á Xunta de Galicia, que é quen aproba o gasto e fai o ingreso da subvención.

Intervén a Presidencia para dicir que deste tema xa se falou en comisión, persoalmente e xa se debateu e que o grupo de goberno non vai falar máis del nin responder a máis preguntas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, quere que lle aclare se a documentación que aportou ao pleno é certa e se as preguntas que formulou directamente e obviaron, as dá por respondidas afirmativamente.

Di que pode tratar de xustificar que iso é un borrador que non foi enviado á consellería pero non achegan ningunha proba. Deduce que non nega que foi feito seis meses antes do proceso de adxudicación.

Como tratou de introducir dúbidas sobre a orde de subvención, dille que no artigo seis da mesma fai mención á documentación a presentar no caso de proxectos de organización de fondos documentais como este: memoria explicativa na que debe figurar quen o promove; series documentais; datas extremas e volume dos fondos a traballar; aplicación informática a utilizar; requisitos do persoal técnico a contratar. Non di o nome da persoa que se vai contratar. Aí é onde xustifican a necesidade de que ten que ser esa persoa concreta. Achega a copia da orde de subvención ao Sr. Secretario para que sexa incorporada ao expediente do pleno.

A Presidencia intervén para dicir que non van responder e falar máis deste tema. As respostas son todas as que estiveron dando ata agora e hoxe e a elas se remiten. Non son as que interprete ou deduce ou dá por afirmativas vostede..

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o feito de que o goberno non responda a este tema non coarta a opción de preguntar por parte da oposición.

--As preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- As tres primeiras xa están contestadas.

2º.- Á pregunta de se a Alcaldía entregou a alegación que presentou o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA nunha reunión coa Asociación de empresarios que xestiona o tema do polígono industrial, respóndelle que non, que xa lle dixo que iso non é certo. Non lle facilitou a alegación do BNG-AA a ninguén, nin a leu ninguén.

Si é certo que a asociación de empresarios o convida todos os anos a explicar como está o proceso do polígono, e na mesma dixo que o BNG-AA presentara unha alegación e que entendía que non retrasaba a tramitación da modificación do PXOM.



Tamén lle di que naquel momento o BNG-AA sacou un Voceiro onde xa manifestaron amplamente a súa postura, que é a mesma que figura na alegación. Algún empresario manifestou que xa lera esa postura nese boletín.

7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- A Presidencia di que se unha comisión de festas solicita os servizos da banda de música de Santa Cruz de Ribadulla, o Concello achega mil euros e o resto pono a comisión. Que sucede cando coinciden dúas festas de dúas parroquias do concello? Quixera que buscaran unha alternativa.

2º.- Por que non quedou feita a praza de caravana no aparcadoiro disuasorio de Ponte Ulla?

A Presidencia di que hai que abrir a estrada principal por un problema de inundacións na rúa principal. Son bastantes cartos e queda para meter nun proxecto e arranxar ese problema. É un problema de pluviais, facer un pouco máis de aparcamento pola pista arriba, legalización, etcétera. Di que cando xurdiron eses problemas na obra o orzamento era demasiado elevado como para poder acometelo.

3º.- Fai un rogo que recolle da reunión cos veciños en San Xián. Solicita que se prepare un aparcadoiro nos arredores da igrexa na zona expropiada pola Deputación, se as condicións de seguridade vial o permiten.

4º.- Fai entrega ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA do escrito sobre crear unha mesa de traballo para estudar a posibilidade de embargo e que o concello se faga cargo de acondicionar as vivendas para poñelas á venda polo prezo de custe ou incluso promover vivenda de protección oficial, o que ao seu entender, e se é posible legalmente e economicamente, sería unha maneira de atraer e fixar poboación, gañar censo, darlle unha saída a esta urbanización. Espera que se convoque a primeira reunión canto antes.

--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Respecto á RPT cónstalle que están traballando niso en distintas mesas de debate cos delegados sindicais e traballadores. Tamén lle consta que a Presidencia fixo caso omiso ás recomendación dos sindicatos e contratou unha empresa privada, chamada JyL Tudo Consulting S.L. á que se lle pagou unha factura de 2.420 €, aprobada en Xunta de Goberno o 23/03/2017 polo 50% do importe do traballo para facer a RPT

Cónstalle que todos os informes que presentou a empresa estaban mal, segundo informan os delegados sindicais.

No convenio colectivo dos traballadores, que vén da época na que gobernaba o PSdG-PSOE, hai uns obxectivos económicos para o persoal laboral e unhas táboas salariais. A día de hoxe hai uns desequilibrios salariais considerables, onde hai traballadores que pasan con creces do 100% e outros que non chegan ao 75%. Como explica iso?

Un dos obxectivos da RPT é equiparar os salarios. A subida do 1% que dispuxo o Sr. Montoro non se pode pagar pola ineptitude desta alcaldía. Na RPT que presenta o Sr. Alcalde, o persoal laboral perde poder adquisitivo en relación ao que debería gañar tendo en conta a suba do 1%. Isto está reflectido nos orzamentos. Hai persoal que perde dende 33 € ata 3.600 € por persoa e ano.

Curiosamente ao persoal funcionario deste concello auméntaselles o soldo en 1000 € por persoa/ano e hai unha subida encuberta no fondo de pensións de 5.000 €, pero para o persoal laboral a suba é moito máis baixa.

Isto leva a que exista unha maior desigualdade salarial entre os traballadores.



Por que o Sr. Alcalde contrata unha empresa privada, cun custe de 5.000 € para un traballo que debería ser gratis, xa que é responsabilidade dos representantes dos traballadores, do concelleiro de recursos humanos, o Sr. Lema Mougán e en última instancia do xefe de recursos humanos que é o Sr. Alcalde?

Cal é o motivo de que existan semellantes desequilibrios salariais?

Roga que se equiparen os salarios dos traballadores do concello tendo en conta o convenio existente e a categoría laboral dos mesmos.

Solicita as propostas da RPT da empresa e a que a alcaldía entregou aos sindicatos para poder estudalas.

Di que o soldo non sobe en proporción ao que tiña que subir. Preocúpalle o desequilibrio e que haxa persoal coa mesma categoría laboral e co mesmo posto de traballo que cobren diferente.

A Presidencia contéstalle que a información que ten sobre el é errónea. Que ten toda a vontade do mundo para chegar a un acordo cos traballadores, igual que os traballadores teñen un convenio colectivo deste goberno, non do anterior, como poucos concellos de Galicia. Quere deixar claro que a vontade é ter unha RPT boa para todos, e cando estea preparada e veña a Pleno (setembro, outubro) debaterase.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que el non inventa nada. Toda a información procede dun representante sindical e pagar por un traballo 5.000 € a unha empresa que se pode facer gratis non é unha boa xestión.

2º.- Como está o protocolo de actuación contra incendios que prometeron ter redactado para este ano?

3º.- Respecto aos traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra, di que van seguir preguntando o que consideren oportuno e que a obriga do Sr. Alcalde é responder ás preguntas.

Di que é a primeira vez que ve que se fan borradores para presentar solicitudes de subvención. Preocúpalle a desproporcionalidade entre traballo e pagado. Parécelle esaxerado 7.500 € por un mes e cinco días de trabalo. Pídelle que explique porque no orzamento orixinal era de 7.500 € e se pagaron 351 € máis. Por outro lado, di que non lle ule nada ben que fixeran un procedemento negociado sen publicidade e non aparezan as propostas das outras dúas persoas por ningún lado. Pon en tela de xuízo a legalidade do proxecto e estarán detrás do asunto ata que se aclare, independentemente de que queiran responder ou non ás súas preguntas.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Sobre o contrato dos traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra solicitou ao Sr. Secretario copia certificada do expediente. Está dispoñible?

O Sr. Secretario di que se lle dará unha copia do expediente e non fai falta que esta certificada, e que non tiña constancia desa solicitude que se fixo en pleno porque non viu as actas ao non estar redactadas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que supón que non atendería á petición que lle fixo de custodia do expediente porque apreciou que había documentación que estaba alterada, concretamente a páxina 6 do proxecto feito hai seis meses antes da adxudicación que é onde aparece o nome da contratada.

2º.- Respecto ao escrito que presentou no pleno anterior sobre este asunto, composto por oito puntos; ten algo que aportar ao que contén?

3º.- Na Conta Xeral 2016 observa que se recibiu unha subvención para prevención de danos por incendios forestais por un importe de 11.709 €. En que foi investida?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Pareceulle ver noutro apartado da conta que o gasto en incendios era apenas de mil e pico euros.

A Presidencia resposta que, a risco de equivocarse, cree que os cartos os mandan para a limpeza das pistas de monte no inverno.

4º.- Que acordos ou negociación ten como Alcalde con:

Ana Belén Rodríguez Enjamio, Centros asistenciales CXP Saúde SL e José Manuel Rodríguez Casteleiro.

5º.- Hai accións iniciadas para incoar un expediente sancionador ou de reposición da legalidade respecto da tala da carballeira que había preto da nave do concello en Xián?

6º.- En que consiste, de onde vén o financiamento, cal é o orzamento do Programa Voluntariado Xuvenil do Ulla?

7º.- A Asociación de Amigos da Camelia da que é presidente o Sr. Alcalde, pola condición de Alcalde, e vicepresidenta dona Margarita Devesa Cardelle, recibiu unha subvención fóra das bases aprobadas neste ano para as asociacións sen ánimo de lucro. Ten algunha explicación ao respecto?

8º.- Que relación ten o concello co campo de traballo? Lévaos a cabo traballadores do concello, voluntarios?

9º.- En que situación están as obras do local social de Vedra?. Están rematadas? Que problemas hai?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Solicita que se lle avise ao pleno da aprobación da modificación parcial do SUND cando sexa a súa publicación no DOG e BOP.

2º.- Cal era a cualificación da persoa que recibiu os traballos de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra?

3º.- Solicita un informe sobre a legalidade de non cargar a depuradora de Bazar aos propietarios dos terreos industriais tal e como indica o PXOM, mentres estea vixente. Por que teñen que pagar os veciños a depuradora?

4º.- Cal é o motivo de dar marcha atrás no tema do consorcio dos bombeiros? A Presidencia contesta que en ningún momento os concellos dixeron que renunciaban ao parque comarcal. O único certo é que seguen as negociacións entre o consorcio e o concello de Santiago.

5º.- Reafírmase na contestación que deu sobre o cruceiro de Lombaos?

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA ensina unha foto e di que é do PXOM do 2007. Como vai estar tirado o monumento hai quince anos cando fan a concentración parcelaria, se no ano 2007 lle fan unha foto?

A Presidencia di que esa foto non quere dicir que sexa do 2007. Di que no momento en que abriron as pistas da concentración parcelaria foi cando caeu, como aseguran testemuñas, Odón Cobas, que foi alcalde.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que entón hai un problema. Non cre que un equipo redactor dun PXOM publique, sen a localización dun monumento, a existencia do monumento e máis unha foto.

A Presidencia replica que non sabe cando fixeron o catálogo, e reafírmase nas palabras que dixo anteriormente.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos.